

Fecha recepción 02/06/2015



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego
e Formación



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Número de expediente: 2015/000008-1
LEXGAL FORMACION SL
AV. CHILE, Nº 29
15009 CORUÑA (A) - CORUÑA (A)

Visto o expediente relativo á solicitude de inscrición presentado polo centro LEXGAL FORMACION SL

SUPOSTOS DE FEITO

PRIMEIRO: O centro LEXGAL FORMACION SL, sito na avenida de Chile 29 na Coruña, solicitou a inscrición da acción formativa que se indica a continuación, para a súa inclusión no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

ADGZ82 - Xestión básica de sociedades laborais (aula de 60 m2, 15 alumnos)

SEGUNDO: Por parte do centro LEXGAL FORMACION SL, achegouse a documentación esixida no artigo 6.2 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

TERCEIRO: O persoal técnico da xefatura territorial de A Coruña, efectuou a preceptiva visita ao centro/entidade e emitiron o preceptivo informe, co visto e prace do/a xefe/a territorial, en cumprimento do disposto no art. 6.3 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

O xefe territorial ditou proposta de resolución en cumprimento do disposto no artigo 6.3 do antedito decreto.

Visto o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, o Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e a demais normativa de xeral aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A competencia para resolver o presente expediente correspóndelle á directora xeral de Emprego e Formación, de conformidade co establecido no art. 6.3 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

SEGUNDO: Revisado o expediente, obsérvase que a entidade solicitante reúne as condicións e cumpre os requisitos mínimos esixidos no Decreto 106/2011, do 19 de maio, para os certificados de profesionalidade solicitados.





TERCEIRO: Tendo en conta que na tramitación do expediente se observaron as normas que para o efecto se establecen no Decreto 106/2011, do 19 de maio e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

RESOLVO

1.- INSCRIBIR ao centro LEXGAL FORMACION SL para a impartición da acción formativa seguinte:

ADGZ82 - Xestión básica de sociedades laborais

Asignándolle o número 15H04063 no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar.

2.- Comunicarlle ao devandito centro/entidade de formación que deberá cumprir as obrigas sinaladas no artigo 31 da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo, e no artigo, e que as especialidades e os centro/entidade poderán causar baixa no rexistro polas causa previstas nos artigos 32 do Real decreto 395/2007, de 23 de marzo e no artigo 8 do Decreto 106/2011, do 19 de maio, así como por aquelas outras establecidas ou que se poidan establecer en disposicións de carácter xeral.

3.- Notifíquese aos interesados a presente resolución para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Sra. Conselleira de Traballo e Benestar no termo dun mes contado desde a súa notificación de acordo co establecido no artigo 114, seguintes e concordantes, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2015

A directora xeral de Emprego e Formación

Ana M^a Díaz López





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego
e Formación



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Ref.: BBP

Remítese resolución da directora xeral de Emprego e Formación pola que se resolve a súa solicitude de inscrición/acreditación dacordo co decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que imparten formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015

A xefa do servizo de Planificación de Formación para o Emprego



Ángeles Lestón Mayo

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE TRABALLO E BENESTAR
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 7499 / RX 712296

Data 29/05/2015 09:26:31



LEXGAL FORMACIÓN S.L.
AV. DE CHILE, 29
15009 A CORUÑA

